

# O CASTRO DO PIÑEIRO (PENÍNSULA DE ARES-MUGARDOS)

Juan A. Carneiro Rey<sup>1</sup>

## INTRODUCCIÓN

A península de Bezoucos está situada no arco Ártabro e divide as rías de Ferrol ao norte e Ares ao sur. A superficie desta península está ocupada na súa maior parte polos concellos de Ares e Mugardos e en menor medida polos concellos de Fene e Cabanas ao leste.

As primeiras mencións a este territorio datan do século VI da nosa Era. Desa época é o *Parrochiale Suevum*, unha serie de documentos que delimitaban as sés episcopais da antiga Gallaecia. Bezoucos cítase coma un arciprestado incluído na sé Iriense.

A península de Bezoucos é riquísima en xacementos arqueolóxicos, que abranguen practicamente todas as etapas da pre e protohistoria, conformando un *continuum* habitacional ata a actualidade.

Existen achados do paleolítico en Maniños (Fene), O Seixo (Mugardos), do megalitismo e do mundo castrexo e romano, así como alto e baixomedieval (Mapa 1).

Este amplo abano temporal completa unha catalogación arqueolóxica que ten en conta non só a perdurabilidade física do xacemento en si, senón tamén datos da tradición, folclore, microtoponimia e documentación medieval e moderna da zona.

## O CASTRO DO PIÑEIRO

**Situación:** Lugar: O Castro. Monte do Piñeiro.

**Parroquias:** San Xoán de Piñeiro (Mugardos) e San Vicente de Caamouco (Ares).

**Coordenadas Xeográficas:** 43° 26' 20'' N  
8° 12' 18'' W

**Coordenadas UTM:** X 564.360  
Y 4.809.950

**Altitude sobre o nivel do mar:** 122 m.

1. Departamento de Historia I. Área de Prehistoria e Arqueoloxía. Universidade de Santiago de Compostela.

**Condições de Situación:** O castro está situado sobre un coto rodeado de terras chás, dominando as catro augas. Posúe unha ampla **visibilidade** circular (Mapa 2). Desde o castro pódense divisar as rías de Ferrol ao norte e Ares ao sur. Todos estes factores fan do castro do Piñeiro un poboado situado estratexicamente no *salvus*. A súa situación no contorno fai que domine os terreos circundantes, un *ager* de gran produtividade agrícola.

O **acceso** desde o castro a estes terreos é doado, pois a altura sobre o contorno é de 17 metros cara ao leste, de 12 metros cara ao norte e de 22 metros cara ao oeste, sempre con pendentes suaves, se exceptuamos a parte sur do xacemento (Gráfico 3).

Se trazamos unha isócrona de 15' con estes datos podemos delimitar unha óptima relación entre o control dos terreos productivos e o desprazamento a estes desde o castro.

Este xacemento **sitúase** no límite entre os concellos de Ares e Mugardos. O perfil topográfico E-W da zona inmediata ao castro foi tomado seguindo a delimitación que vai desde o marco nº1, que deslinda as freguesías de San Vicente de Caamouco (Ares), Santa Eulalia de Limodre (Fene) e San Xoán de Piñeiro (Mugardos), ata o marco da capela da Ascensión do Lodairo (Gráficos 1-2).

As **unidades litolóxicas** da área do castro están formadas por xistos e rocas sedimentarias pouco metamorfizadas. Aparecen tamén aleatoriamente filóns de seixo. Estas unidades forman un relevo suave que se interrompe nas serras litorais que circundan o golfo Ártabro e dan paso ás terras altas do interior. Cara ao oeste, o relevo suave interrómpeuse cun glacis que da paso á máxima altitude de Bezoucos que é Montefaro (266 m.s.m.).

Toda a zona está densamente poboada. Os lugares máis próximos ao castro son: O Castro, A Teupoeira, O Pallizo, Barracido e O Lodairo, pertencentes aos concellos de Ares e Mugardos.

Respecto á **hidroloxía** da zona diremos que nun radio de 500 m. e ao atoparse o castro na divisoria de augas, existen regatos que discorren cara ás dúas vertentes e uns van desembocar na ría de Ferrol e outros na de Ares.

## DESCRIPCIÓN DO CASTRO

Medidas: Eixes— N-S: 72 m.  
E-W: 80 m.

As medidas están tomadas na croa. O castro ten unha forma elipsoidal, cun pequeno terra-plén que circunda a croa. Ao norte desta existe un antecastro e polo leste e sur hai un aterraxamento que pode estender a superficie total de todos os recintos a preto de 0,90 Ha. (Plano 1).

Ao norte do antecastro pasa un camiño de carro, entre aquel e un segundo terraplén de dous metros de altura. A defensa complétase con outro terraplén máis cara ao norte, de catro metros de altura e que da ao chamado Camiño do Castro, que vai paralelo ao xacemento en dirección E-W. Os espazos entre estes terrapléns, a modo de parapetos, atópanse moi colmatados.

Polo leste e sur as defensas son naturais, xa que as pendentes son moi pronunciadas e se aproveitan as condicións do terreo para exercer unha función protectora do castro. Polo SW hai restos dunha canteira que alterou a morfoloxía do castro (Plano 1).

Un camiño de carro diríxese en dirección oeste e fai unha gallada a 100 m. da croa. O estado de conservación é relativamente bo. A superficie do coto é bosque caducifolio con predominio de carballos; tamén hai vizosas matogueiras. Conforme baixamos polas abas van aparecendo eucaliptos e piñeiros.

### CONSIDERACIÓNS FINAIS

O castro do Piñeiro estaba inédito na bibliografía arqueolóxica. Inda que nun traballo anterior xa citabamos a súa posible existencia a partir dunha investigación referida ao folclore e á arqueoloxía de Bezoucos<sup>2</sup>. Nese estudio dabamos conta do chamado Camiño do Castro, na parroquia de San Xoán de Piñeiro, así como vagas referencias a que existía por alí un "*castro que fixeron os mouros*".

A situación estratéxica do castro desde o punto de vista económico xa foi referida anteriormente. Tamén temos que falar do seu control de vías de comunicación, que inclúen os camiños tradicionais tanto ao norte como ao sur, pois cerca del desemboca o chamado Camiño do Francés, de evocadoras connotacións. Este camiño ven desde a vila de Mugarbos e vaise internando por Rilo (Meá) e As Gaibas, en San Victorio, preto do marco da Pedra do Couto, que divide as parroquias de San Vicente de Meá e Santiago de Franza. Vai dar ao camiño que leva ao castro a 375 m. ao NW do xacemento

En resumo, podemos afirmar que o castro do Piñeiro é un xacemento dos máis senlleiros e representativos da cultura castrexa na península de Bezoucos<sup>3</sup>.


#### AGRADECEMENTOS:



A Alexandre Caínzos, a Javier Serrano,  
e a os veciños de San Xoán, particularmente a Marisé Martínez Vidal.  
Sen a súa axuda non sería posible que este traballo vira a luz.

2. CARNEIRO REY, Juan A.: "*Arqueoloxía e Folclore: Concellos de Ares e Mugarbos*". Cátedra. Revista eumesa de estudos. Nº 6. Pontedeume, 1999.

3. Ao non estar incluído nos Plans Xerais dos concellos de Ares e Mugarbos, chamamos a atención dos responsables culturais dos mesmos para que teñan conta da protección deste importante legado dos nosos antergos.

MAPA 1: Mapa xeral de xacementos arqueolóxicos de Bezoucos.









GRÁFICO 2: Perfil da zona:Lodairo-Marco n°1 (1:5.000).







GRÁFICO 3: Perfis do castro----N-S E-W.







Terraplén exterior visto desde o Camiño do Castro.

O monte do Piñeiro visto desde o Camiño do Francés





Terraplén exterior visto desde o Camiño do Castro.

O monte do Piñeiro visto desde o leste.





**Marco N° 1,  
deslinda tres concellos:  
Ares, Fene e Mugardos.**



**Marco da capela do Lodairo.**